

# BANDO

## **INDICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E SAN PEDRO NO CONCELLO DE PONTEDEUME**

**BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO, ALCALDE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

En cumprimento do establecido na lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, **FAGO SABER QUE:**

Con motivo da celebración das festividades do San Xoán e do San Pedro nas tardes/noites dos días 23 a 24 e 28 a 29 de xuño, respectivamente, comunícase á veciñanza de Ponte deume que **aquelas persoas que vaian prender unha fogueira, deberán presentar no Rexistro Xeral Municipal comunicación daquelas**, mediante escrito que estará disponible no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gl/informacion/>) e nas dependencias municipais (Rúa Real nº13). As ditas comunicacións poderán presentarse de xeito telemático na Sede Electrónica municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gl/index.html>) ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume ((Rúa Real nº13), en horario de 09:00 a 14:00 horas ,como **data límite o mércores 21 de xuño de 2023**, co coñecemento e compromiso de cumprimento das seguintes normas:

- A fogueira estará situada a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de seren queimadas.
- A súa dimensión non superará os 4 metros de altura e os tres de diámetro.
- Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos tipo: neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.
- Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados, deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira de alomenos 10 cm de espesor.
- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e a extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- A persoa solicitante sempre será a responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

**NO CASO DE PROBLEMAS DEBERÁ CHAMAR AO 112.**

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.  
Grazas pola súa colaboración.  
Ponte deume, á data da sinatura dixital.